



**RESOLUCIÓN DE 14 DE DECEMBRO DE 2022 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN OS ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 11 DE ABRIL DE 2022 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA (CATEGORÍA DE ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL)**

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 11 de abril de 2022 (DOG n.º 76 do 21 de abril) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 3 de novembro de 2022 publicouse o anuncio da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee polo que se abría prazo de inscrición no proceso de mobilidade interna voluntaria na categoría de Enfermeiro/a Especialista en Saúde Mental no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes para esta última categoría, esta Xerencia de Área Sanitaria,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Publicar, **con carácter provisional**, a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos ao devandito procedemento de mobilidade interna voluntaria na categoría de ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL.

**Segundo:** A listaxe poderá examinarse no taboleiro de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) / páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

**Terceiro:** Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do CHUAC e no Espazo do Profesional.

A Coruña, 14 de decembro de 2022

A Coruña, 14 de decembro de 2022

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee  
  
**XERENCIA**

Asdo.: Luis Verde Remeseiro